



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Nº Expediente: 2017/C004/000001

Asunto: Contratación do servizo "Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa"

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN (1)

APERTURA E CUALIFICACIÓN DOS SOBRES A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B: OFERTA ECONÓMICA, PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SEGUINTE SERVIZO:

"Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa"

Importe de licitación: 32.685,95 euros e 6.864,05 euros de IVE (39.550,00 € IVE incluído)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

D. Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do Concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor do Concello

Don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, administrativa do Concello.

Non asiste don José Camilo Casal García, concelleiro.

Asiste don Agustín Martínez Docanto en substitución do arquitecto municipal don Antonio Rodríguez Fabello, en ausencia deste.

No Salón de Comisións da Casa do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:45 horas do venres 21 de xullo de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adxudicar o servizo anteriormente citado; e si procede, procederáse á apertura dos sobres B.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación do servizo "Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa" unicamente a seguinte empresa:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA	Nº REXISTRO	SOBRES
HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L.	20/07/17	3850	A e B

A continuación, A Mesa procede á cualificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura do sobre **A**, que fai referencia á "Documentación administrativa", verificándose que está completa a documentación presentada.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura do sobre "B" (Oferta económica):

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE	IVE
HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L.	32.635,95 €	6.853,55 €

A Mesa acorda:

1º.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa" á seguinte empresa, sendo a única presentada, por ofrecer unha oferta válida:

- HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L.
- Importe de adxudicación: 32.635,95 euros e 6.853,55 euros de IVE

2º.- Notificar á empresa proposta o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adxudicación.

3º.- Publicar no Perfil de contratante do Concello de Cedeira a presente acta, así como o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adxudicación, por parte da empresa proposta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:30 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.